**AUTOS GONZÁLEZ**

# A satisfacción dos clientes, a prioridade

**S.N.** OURENSE
especiales@laregion.net

A empresa Autos González é unha das máis representativas de Ourense no sector do transporte de viaxeiros. Esta empresa ourensana foi fundada fai agora 40 anos cun obxectivo claro: estar a altura das necesidades dos seus clientes. Esta fidelidade aos clientes foi a base a partir da cal se foron incorporando novos servizos. Hoxe en día, Autos González ofrece transporte regular, discrecional e aluguer de vehículos de luxo.

A empresa ten un novo certificado de calidade específicio do sector do transporte público (UNE-EN 13816) acadado en marzo desde ano.

Autos González sempre mantivo desde o inicio da sua andaina unha vocación dedidida pola calidade. Esta actitud foi a que lle levou a destinar boa parte dos seus recursos na actualización continua dos equipamentos.

DURANTE OS 40 ANOS DA SÚA EXISTENCIA, A EMPRESA MANTÉN INTACTOS OS CRITERIOS DE FIDELIDADE AOS CLIENTES

Outro dos pilares sobre os que se asenta o traballo de Autos González é a seguridade. Por iso para garantila, a flota de Autos González pasa por rigorosas revisión técnicas. A súa flota de vehículos conta cos sistemas ABS, ASR, freos de disco, cambio automático, sistema antivuelco ou dobre lúa de seguridade, entre outros avances tecnolóxicos.

**NOVIDADES**

**TRASLADOS A AEROPORTO CO SERVIZO AEROSERVICE**

O transporte discrecional inclue viaxes por todo o país e Europa, tranporte de clubes deportivos, viaxes escolares, vodas, excursións, etcétera. No servizo de vodas ademáis de buses para traslado de invitados, Autos González dispón dunha flota exclusiva con coches clásicos para os noivos. O aluguer de vehículos de luxo está pensado para viaxes de lecer, de traballo, como congresos ou outros eventos sociais. Entre as novidades está o servizo de aeroservice que ofrece traslados ao aeroporto de porta a porta en vehículos de gama alta.



Fidel Martínez, presidente de Autos González.

